



## Concello de Baralla

### BANDO

**D. MIGUEL GONZÁLEZ PIÑEIRO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BARALLA (LUGO).-**

FAI SABER:

Con data 30 de decembro de 2021 publicouse no *DOGA (Diario Oficial de Galicia)* número 250, a orde da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases e a convocatoria do **PROGRAMA DO BONO DAS PERSOAS AUTÓNOMAS** para o ano 2022.

#### PERSOAS E ENTIDADES BENEFICIARIAS

- ✓ As **persoas traballadoras autónomas** que:
  - Estean de alta no réxime especial de autónomos ou mutualidade de colexio profesional
  - Teñan o domicilio fiscal en Galicia
  - Teñan e que teñan unha antigüidade superior a 42 meses ininterrompidos na realización da actividade empresarial
  - Teñan un rendemento neto reducidos na declaración do IRPF anual inferior a 30.000 € e unha facturación mínima de 12.000 € (IVE incluído) na declaración do 2020
- ✓ As **sociedades e comunidades de bens**
  - Con domicilio fiscal en Galicia
  - Teñan e que teñan unha antigüidade superior a 42 meses ininterrompidos na realización da actividade empresarial
  - Que a empresa teña unha base imponible no imposto de sociedades do ano 2020 inferior a 30.000 €

#### ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

- ✓ **Liña 1:** Servizos (plan estratéxico de negocio, de reorientación do negocio, refinanciamento, márketing, eficiencia enerxética, biodiversidade, comunicación de negocio, transformación dixital)
- ✓ **Liña 2:** Investimentos (compra de maquinaria, compra e/ou instalación para mellora de eficiencia enerxética, substitución de combustibles fósiles ou materiais críticos ou escasos, compra de utensilios e ferramentas, reforma do local do negocio, equipamento informático, equipamento de oficina, rótulos, aplicacións informáticas, páxinas web, apps e redes sociais, deseño de marca.

#### CONTÍA DA AXUDA

80 % da actividade que se vaia subvencionar, cun límite máximo de 3.000 €

#### PRAZO DE SOLICITUDES

Desde o 14-01-2022 ao 14-02-2022

Esta subvención é en **réxime de concorrencia non competitiva**, é dicir, por **ORDE DE REXISTRO DE ENTRADA** da solicitude.

#### INFORMACIÓN SOBRE A TRAMITACIÓN DAS SUBVENCIONS:

Concello de Baralla, Oficina do Técnico de Emprego e Desenvolvemento Local (Alberto); Teléfono: 982363303.

Baralla, 7 de xaneiro de 2022

O ALCALDE

Asdo. Miguel González Piñeiro

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



Cod. Validación: 9MNPXNT4KPT3KSNJRYCH4FFR | Corrección: <https://baralla.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1